

Á vista do escrito do Director da Estación de Bioloxía Mariña da Graña da Universidade de Santiago de Compostela, D. Victoriano Urgorri Carrasco, de 18 de abril de 2012 polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as en prácticas das titulacións impartidas na Facultade de Bioloxía esta REITORÍA

-Considerando que na Facultade de Bioloxía se imparte a titulación de *Grao en Bioloxía*, que recolle a posibilidade de que os alumnos/as realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas de ata 4,5 créditos ECTS, 112,5 horas (1 crédito por cada 25 horas). Con estas prácticas preténdese que os estudiantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que a Estación de Bioloxía Mariña da Graña arriba citada está integrada na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos das titulacións da Facultade de Bioloxía, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas de dous alumnos/as das titulacións da Facultade de Bioloxía nas instalacións da Estación de Bioloxía Mariña da Graña da Universidade de Santiago.,
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os/as alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada vinte e cinco horas de prácticas, sen poder superar o límite de 112,5 horas, que establece o plan de estudio para estes efectos. Estes créditos recoñeceranse como obligatorios segundo o establezan os planos de estudio.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión de Docencia destas titulacións de acordo coa Dirección da Estación de Bioloxía Mariña da Graña e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.
 - Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
 - Estas prácticas non comportarán compensación económica e non suporá ningun tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
 - Os/as alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
 - A Comisión de Docencia das titulacións da Facultade de Bioloxía nomeará a un tutor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, a Estación



de Bioloxía Mariña da Graña nomeará a un titor desta área que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos/as alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A evaluación das prácticas realizará a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da Estación de Bioloxía Mariña da Graña.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a evaluación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable da Estación de Bioloxía Mariña da Graña emitirá por cada un dos estudiantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou evaluación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á evaluación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que concorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2012

O REITOR

Juan José Casares Long

**SRA. DECANA DA FACULTADE DE BIOLOXIA
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA
SR. DIRECTOR DA ESTACION DE BIOLOXIA MARIÑA DA GRAÑA- VICTORINO URGORRI.**